



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 322/160518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

AQUAZIX® E

DESCRIPCIÓN

Desinfectante xeral para centros de cría e produción acuícolas (peixes, moluscos e crustáceos). Posúe actividade fronte a bacterias Gram-positivas e Gram-negativas (*Aeromonas*, *Pseudomonas* e *Vibrionáceas*), esporas bacterianas e fúnxicas, protozoos ciliados, algas, etc. Formulación líquida con actividade funxicida e viricida de amplo espectro.

INGREDIENTES

Combinación de peróxidos, estabilizantes e surfactantes de alta reactancia biolóxica.

DESTINO E MODO DE EMPREGO

Para **desinfección de tanques e aperos** aplicar directamente o produto diluído ó 1-2 % durante 12 h, a continuación aclarar con auga (se deixa secar, non é necesario aclarar). Indicado en desinfeccións externas mediante baños contra a enfermidade da branquia en salmónidos, no tratamento de feridas contaminadas, flexibacteriosis, saprolegniosis; tratamento de ectoparásitos, etc. Para a **desinfección de peixes** aplicar baños de 50-150 mL por cada 1000 L de auga durante 1 h con aireación constante. Para a **desinfección de crustáceos** aplicar baños de 40 mL/1000 L de auga durante 1 h ou 20 mL/1000 L de forma continua durante 24 h. Na **desinfección de ovos de salmónidos**, utilizar doses de 0,5-1 mL/L. Para a desinfección de **ovos de outras especies de auga doce**: 1-2 mL/L durante 15 min.

PRESENTACIÓN

Consulte coa nosa Oficina Comercial en ventas@acuinuga.com.

DISPONIBILIDADE

Prazo de entrega: 15 días laborables dende a data do pedido.

OBSERVACIÓNS

Produto completamente biodegradable, non deixa residuos tóxicos ou perigosos para o medio ambiente. A fin de evitar riscos para as persoas e o medio ambiente siga as instrucións de uso. A sensibilidade ó produto pode variar dependendo da calidade de auga, especie de destino e a idade dos animais. Non se recomenda alongar os tratamentos repetitivos por máis de dúas semanas. Débese evitar a formación de microgotas na manipulación do produto puro, xa que poden provocar queimaduras. Recoméndase o uso de luvas e gafas protectoras.